



Concello de Pedrafita do Cebreiro

ANUNCIO da aprobación inicial do Plan Parcial do Sector do solo Urbanizable Delimitado surb-1 en Pedrafita do Cebreiro. Expediente 124/2023.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria, de 23 de maio de 2024, aprobouse inicialmente o plan parcial do Sector do Solo Urbanizable Delimitado surb-1 de data 9.05.2023, RE nº 45/2023), promovido de oficio polo Concello de Pedrafita do Cebreiro e redactado pola empresa Monsa Urbanismo, S.L.

De conformidade cos artigos 47 da LSG e 86 do RLSG, suspéndese o procedemento de outorgamento de licenzas para os seguintes actos dentro do ámbito delimitado para o desenvolvemento do plan parcial:

- Licenzas de obra de nova construción, demolicións e rehabilitación das construcións existentes, no seu caso.
- Calquera acto de agregación/segregación ou parcelación urbanística.
- Actuacións que impliquen movementos de terras, excepto as derivadas das estritamente necesarias para a conservación dos terreos e desenrolo de actividades agraria

A suspensión de licenzas non será de aplicación nos seguintes casos:

- Obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- A primeira ocupación.
- Proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación do mesmo, sempre que esta tivera sido aprobada inicialmente.
- Os actos suxeitos ó trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

A duración da suspensión é de dous anos, contados dende a aprobación inicial, extinguíndose en todo caso coa aprobación definitiva do plan parcial.

A área afectada pola suspensión é o Sector do Solo Urbanizable Delimitado surb-1 (polígono industrial) cunha superficie de 35.210 m².

Sométese o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante a publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, no xornal O Progreso, na sede electrónica deste Concello: [<http://concellopedrafita.sedelectronica.es>] e no Boletín Oficial do Estado (art 75 da LSG e 207 do RLSG e 44 LPAC) Durante ese prazo, que se computará a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, poderán presentarse alegacións, suxestións ou documentos que se consideren oportunos en relación co instrumento ou o expediente sometido a información pública (artigo 207.2.d) do RLSG).

O anuncio que se publique no BOE servirá de notificación nos termos do artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para todas as persoas propietarias e interesadas directamente afectadas que por resultar descoñecidas ou ignorarse a súa dirección non poidan ser notificadas persoalmente, ou tentada a notificación non se puidese practicar.





Concello de Pedrafita do Cebreiro

Así mesmo o anuncio de información pública publicarase na páxina web do Concello (<http://www.concellopedrafita.es/>) (art 70.ter da LRBRL, 87 da LSG, 206 do RLSG e 25.4 do TRLSRU)

O expediente completo estará a disposición dos interesados no departamento de urbanismo, de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas.

En Pedrafita do Cebreiro, na data da firma electrónica ao marxe.

O Alcalde

José Luís Raposo Magdalena

